



BELÉN ELECTRÓNICO

**O SÁBADO,
PREGÓN DO NADAL
EN BEGONTE**

**APERTURA DO BELÉN ELECTRÓNICO
NA SÚA XXIX EDICIÓN**

O sábado, 9 de decembro, ás 18,00 h., na igrexa parroquial de Begonte, XESÚS PABLO GONZÁLEZ MOREIRAS, Director Xeral de Política Lingüística, pronunciará o Pregón do Nadal nesta vila chairega considerada a capital do Nadal en Galicia.

O pregón terá lugar no decurso da misa que será cantada pola CORAL ECOS DO ULLA de Monterroso, dirixida por PABLO PÉREZ VARELA. Despois da misa, a Coral dará un breve recital de panxoliñas.

Finalmente, na sede do centro cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN, será inaugurada a XXIX edición do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, e o MUSEO "JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA" coas figuras máis sobranceiras das vinteito primeiras edicións do Belén.

Desde este día BELÉN e MUSEO permanecerán abertos de 15,00 a 19,30 os días laborables, e de 11,00 a 14,00 e de 15,00 a 20,00 os festivos, recomendándose que os Grupos avisen previamente ó teléfono 982.396121.